concello@ponteceso.n

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA 30-09-2019

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 20 horas do día 30 de setembro de 2019 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno municipal co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

**ASISTENTES:**

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE**
D. Xosé Lois García Carballido

**SRES.CONCELLEIROS/AS PRESENTES:**
**Polo PSdeG-PSOE:**
D. Miguel Ángel González Gómez.
Dª. Raquel Fondo Pérez
D. Faustino Santiago Lema
Dª. Noelia María Varela Súarez
Dª. Ana Pérez Imia
D. Salvador Eiroa Ameijenda
Dª. María Teresa Chouciño Calvete

**Polo Partido Popular, PP:**
Dª. Marta María Carrillo Aguiar
D. Jesús Daniel García Cotelo.

**Por APIN-SON Ponteceso:**
D. José Manuel Pose Verdes
D. Marco Antonio Varela Vidal

**SRES.CONCELLEIROS/AS AUSENTES.-**
Dª. Ana Pérez Lema

**SECRETARIO ACCIDENTAL:** D. EMILIO CAÍNZOS QUINTÁS
**INTERVENTOR**: D. FRANCISCO JAVIER ULLOA ARIAS

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

**1º. APROBACIÓN ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES**.-
Correspondentes ás sesións do Pleno celebradas o día **29-07-2019**, ordinaria, e **12-08-2019**, extraordinaria. En cumprimento do disposto no art. 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, o Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás actas anteriores, e ao non formularse ningunha, o Pleno, por unanimidade, acorda a súa aprobación.

**2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.-**
Dáse conta das resolucións e decretos ditados pola Alcaldía dende a última que se dou conta ao Pleno e que son as seguintes: Dende a núm. **431/2019** do 23-07-2019**,** ata a **553/2019,** do 24-09-2019**,** cuxas copias foron postas a dispor dos concelleiros dende a convocatoria da sesión, e que se incorporan ao expediente.
Os membros do Pleno dánse por enterados.



FIRMADO POR Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 01/10/2019 21:08:00) , Xose Lois García Carballido (FECHA: 01/10/2019 22:04:00)
Versión imprimible
CVD: 4xYpnhPqLVyWr45V+5Ry
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

concello@ponteceso.n

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

**3º.- PROPOSTA DE ACORDO DE DACIÓN DE CONTA E ACEPTACIÓN DA RENUNCIA PRESENTADA POLA CONCELLEIRA Dª. ANA PÉREZ LEMA.**

Logo de ver o escrito presentado por Dª. ANA PÉREZ LEMA, Concelleira do Grupo Municipal do PP, na data de 27-08-2019, número do Rexistro de Entrada 2642, no cal manifesta a súa vontade irrevogable de dimitir do seu cargo de concelleira por motivos persoais e laboráis.

Logo de ver o artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985 do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, o artigo 9 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e a Instrucción do 10 de xullo de 2003 da Xunta Electoral Central, sobre a substitución de cargos representativos locais publicada no BOE 171 do 18 de xullo de 2003.

Logo de ver o informe de secretaría de data 13 de setembro de 2019.

Logo de ver o ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Xerais de data 25-09-2019, elevo ao Pleno a seguinte

**PROPOSTA**

**Primeiro.-** Dar conta da renuncia da concelleira desta Corporación Dª. ANA PÉREZ LEMA.

**Segundo.-** Aceptar a renuncia Dª. ANA PÉREZ LEMA.

**Terceiro.-** Solicitar á Xunta Electoral de Zona de Carballo a expedición de credenciais do candidato/a que proceda en función da súa colocación nas listas electorais, para os efectos da súa posterior toma de posesión como Concelleiro/a desta Corporación Municipal.

Sométese a votación a proposta, co seguinte resultado:
Votos a favor: Dez (10), os concelleiros/as dos G.M. do PSdeG-PSOE e PP.
Votos en contra: -
Abstencións: Dous (2), os concelleiros do G.M. de APIN.

Polo que o Pleno, por unanimidade, maioría absoluta, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Dar conta da renuncia da concelleira desta Corporación Dª. ANA PÉREZ LEMA.

**Segundo.-** Aceptar a renuncia Dª. ANA PÉREZ LEMA.

**Terceiro.-** Solicitar á Xunta Electoral de Zona de Carballo a expedición de credenciais do candidato/a que proceda en función da súa colocación nas listas electorais, para os efectos da súa posterior toma de posesión como Concelleiro/a desta Corporación Municipal.

**4º.- PROPOSTA DE ACORDO DE FESTIVOS LOCAIS 2020.-**

En cumprimento do disposto nos artigos 37.2 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, deberanse propoñer dous festivos locais en cada municipio para cada ano natural.

Logo de ver o ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Xerais de data 25-09-2019, elevo ao Pleno a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO**



FIRMADO POR Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 01/10/2019 21:08:00) , Xose Lois García Carballido (FECHA: 01/10/2019 22:04:00)
Versión imprimible
CVD: 4xYpnhPqLVyWr45V+5Ry
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

concello@ponteceso.n

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

**Primeiro.-** Propoñer á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia os festivos locais no Concello de Ponteceso para o ano de 2020 que serán os seguintes: 14 e 15 de setembro de 2020.

**Segundo.-** Remitir este acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia aos efectos estabecidos no artigo 37.2 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores o no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo,

Sométese a votación a proposta, co seguinte resultado:
Votos a favor: Dez (10), os concelleiros/as dos G.M. do PSdeG-PSOE e APIN.
Votos en contra: -
Abstencións: Dous (2), os concelleiros/as do G.M. do PP.

Polo que o Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Propoñer á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia os festivos locais no Concello de Ponteceso para o ano de 2020 que serán os seguintes: 14 e 15 de setembro de 2020.

**Segundo.-** Remitir este acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia aos efectos estabecidos no artigo 37.2 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores o no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo,

**5º.-PROPOSTA DE ACORDO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.**

O Concello de Ponteceso ten unha importante masa forestal no seu término municipal, sendo unha importante actividade productiva e que xenera riqueza aos seus habitantes, o que se debe conciliar coa necesaria prevención e defensa contra os incendios forestais e xestión da biomasa nas faixas secundarias.

A Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA A Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA suscribiron na data de 9 de agosto de 2018 o Convenio de Colaboración en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, e na data 15 de abril de 2019 a primeira Adenda ao Convenio.

O obxecto do convenio é instrumentar a cooperación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Consellería do Medio Rural, Seaga e a Fegamp, cos concellos que voluntariamente se adhiran ao convenio mediante o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nos montes ou terreos forestais incluídos nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa e ten por fin garantir a prevención de incendios forestais, de modo que se acade a diminución do número de incendios forestais nas zonas da interface urbana garantindo así o interese público da seguridade de persoas e bens.

O artigo 4 da Lei básica estatal, Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, contempla a función social dos montes vinculada á producción de recursos naturais e servizos ambientais.

O importante valor que o monte cumpre para a nosa sociedade no seu conxunto, está ameazado pola propagación de incencios forestais, afectando a súa riqueza ambiental e paisaxística e ás actividades agroforestais que se desenvolven no monte. Así mesmo eses incencios están ameazando á seguridade das persoas e dos bens.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, unha das áreas máis sensibles para a prevención dos incendios é a da interface urbano-forestal, isto é, aquelas áreas que abarcan o perímetro común entre os terreos forestais e os núcleos de poboación habitados.



FIRMADO POR Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 01/10/2019 21:08:00) , Xose Lois García Carballido (FECHA: 01/10/2019 22:04:00)
Versión imprimible
CVD: 4xYpnhPqLVyWr45V+5Ry
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

concello@ponteceso.n

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Logo de ver o ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Xerais de data 25-09-2019, elevo ao Pleno a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO**

**Primeiro.-** Solicitar a adhesión ao Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, e manifestando a vontade de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con subxección plena a todas elas.

**Segundo.-** Facultar expresamente ao Sr. Alcalde para a sinatura da adhesión ao Convenio, tan amplamente como sexa necesario, para dar cumprimento ao acordo.

O Sr. Alcalde pregunta se algún voceiro quere intervir e pide a palabra o Sr. García Cotelo do G.M. do PP e manifesta que isto é unha parte do que pediron no Pleno extraordinario, que non é só o convenio, o concello ten que dar cumprimento á lei, e non agardar a que aconteza unha desgraza como no caso da auga de Corme, e pide que se tomen medidas para dar cumprimento a lei, débese previr antes que lamentar.

Sométese a votación a proposta, co seguinte resultado:
Votos a favor: Doce (12), a totalidade dos concelleiros/as presentes.
Votos en contra: -
Abstencións: -

Polo que o Pleno, por unanimidade, maioría absoluta, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Solicitar a adhesión ao Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, e manifestando a vontade de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con subxección plena a todas elas.

**Segundo.-** Facultar expresamente ao Sr. Alcalde para a sinatura da adhesión ao Convenio, tan amplamente como sexa necesario, para dar cumprimento ao acordo.

**6º.- PROPOSTA DE ACORDO DE RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN NÚM. 528/2019 DO 12/09/2019 E APROBACIÓN DO APROBACIÓN DO PROXECTO DA OBRA "PAVIMENTACIÓN VIAIS DE ACCESO A PAZOS (SERGUDE) E OUTROS" E SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA 2ª FASE DO POS+ADICIONAL 1/2019.**

Na data de 12-09-2019 ditouse por esta alcaldía a resolución núm. 528/2019, por razón do prazo de presentación perante a Deputación da Coruña, e que cómpre someter ao Pleno para a súa ratificación e acordo, literalmente é do seguinte teor:

**"**Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+2019 (BOP Nº 188 do 2 de outubro de 2018)

Visto o proxecto da obra "Pavimentación viais de acceso a Pazos (Sergude) e outros", redactado polo



FIRMADO POR Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 01/10/2019 21:08:00) , Xose Lois García Carballido (FECHA: 01/10/2019 22:04:00)
Versión imprimible
CVD: 4xYpnhPqLVyWr45V+5Ry
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

concello@ponteceso.n

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

enxeñeiro de Camiños, C. e P., Pablo Blanco Ferreiro, colexiado nº 22.992, incluido no POS+ADICIONAL 1/2019, polo importe de 144.438,02 €

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

**Primeiro**: Aprobar o proxecto da obra "Pavimentación viais de acceso a Pazos (Sergude) e outros", redactado polo enxeñeiro de Camiños, C. e P., Pablo Blanco Ferreiro, colexiado nº 22.992, incluido no POS+ADICIONAL 1/2019, polo importe de 144.438,02 €.

**Segundo**: Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras no que se inclúen os pregos de prescricións técnicas:

| **Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019** | **Financiamento dos investimentos** | | |
|---|---|---|---|
| | **Deputación** | **Concello** | **Orzamento total** |
| PAVIMENTACIÓN VIAIS DE ACCESO A PAZOS (SERGUDE) E OUTROS | 144.438,02 € | 0,00 € | 144.438,02 € |
| | | | |
| **TOTAL** | 144.438,02 € | 0,00 € | 144.438,02 € |

| | |
|---|---|
| Maior achega provincial asignada ao concello | 409.082,02 € |
| Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase | 264.644,00 € |
| Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase | 144.438,02 € |

**Terceiro**: Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**Cuarto**: Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

**Quinto**: Solicitar da Deputación da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras e subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

**Sexto**: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a suma total non supera o 100% do seu importe.



FIRMADO POR Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 01/10/2019 21:08:00) , Xose Lois García Carballido (FECHA: 01/10/2019 22:04:00)
Versión imprimible
CVD: 4xYpnhPqLVyWr45V+5Ry
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Sétimo**: Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Oitavo**: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**Noveno**: Someter a ratificación, no seu caso, da presente resolución ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre."

O Sr. Alcalde pregunta se algún voceiro quere intervir e pide a palabra o Sr. Pose Verdes do G.M. de APIN quen manifesta que esta obra que se inclúe no Plan Adicional está contemplada no Orzamento Municipal de 2019 e financiada con recursos propios e lembra que o Sr. Alcalde na campaña electoral prometeu aos veciños de Langueirón que iba levar a auga ás súas casas, e isto é unha mostra clara de que as finanzas municipais non están tan ben como dí, en vez de cumprir a súa promesa, colle un proxecto que xa estaba feito e o mete sen máis no Plan Adicional, e repito olvídase de cumprir o seu compromiso con Langueirón. Estamos de acordo en facer esta obra, pero lembro que tiña financiamento con fondos propios e hai moitas outras necesidades que se podían incluir neste Plan.

O Sr. Alcalde responde dicindo que esta obra vai ser moi beneficiosa para os veciños de Xornes e outros lugares, que o Sr. Pose ten que lembrar que hai uns poucos meses aprobouse polo Pleno unha modificación de créditos para financiar as obras dos campos de fútbol, promovido por vostedes, e tívose que aprobar un Plan Económico Financeiro que leva consigo que se debe de respectar o acordado e que supón limitacións considerables de cara ao gasto, polo que temos unha oportunidade para executar esta obra con cargo ao financiamento da Deputación, vostede ten experiencia de goberno e lembre que priorizou as obras dos campos de fútbol, e ista é unha obra financeiramente sostible.

O Sr. Pose pide a palabra e resposta que vostede fala dos campos de fútbol, os cales se financian con cargo ao remanente positivo do exercicio de 2018, e repito esta obra que se inclúe no Plan estaba contemplada no Orzamento Municipal de 2019 con cargo a fondos propios, e os veciños de Langueirón quedaranse sen ver cumprida a súa promesa de levarlles a auga.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate.

Logo de ver o ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Xerais de data 25-09-2019, elevo ao Pleno a proposta de ratificación da resolución da alcaldía núm. 528/2019, do 12-09-2019.

Sométese a votación a proposta, co seguinte resultado:
Votos a favor: Dez (10), os concelleiros/as dos G.M. do PSdeG-PSOE e APIN.
Votos en contra: -
Abstencións: Dous (2), os concelleiros/as do G.M. do PP.

Polo que o Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

**Primeiro**: Aprobar o proxecto da obra "Pavimentación viais de acceso a Pazos (Sergude) e outros", redactado polo enxeñeiro de Camiños, C. e P., Pablo Blanco Ferreiro, colexiado nº 22.992, incluido no POS+ADICIONAL 1/2019, polo importe de 144.438,02 €.

**Segundo**: Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se



FIRMADO POR Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 01/10/2019 21:08:00) , Xose Lois García Carballido (FECHA: 01/10/2019 22:04:00)
Versión imprimible
CVD: 4xYpnhPqLVyWr45V+5Ry
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

concello@ponteceso.n

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras no que se inclúen os pregos de prescricións técnicas:

| **Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019** | **Financiamento dos investimentos** | | |
|---|---|---|---|
| | **Deputación** | **Concello** | **Orzamento total** |
| PAVIMENTACIÓN VIAIS DE ACCESO A PAZOS (SERGUDE) E OUTROS | 144.438,02 € | 0,00 € | 144.438,02 € |
| | | | |
| **TOTAL** | 144.438,02 € | 0,00 € | 144.438,02 € |

| | |
|---|---|
| Maior achega provincial asignada ao concello | 409.082,02 € |
| Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase | 264.644,00 € |
| Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase | 144.438,02 € |

**Terceiro**: Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**Cuarto**: Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

**Quinto**: Solicitar da Deputación da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras e subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

**Sexto**: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a suma total non supera o 100% do seu importe.

**Sétimo**: Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Oitavo**: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



FIRMADO POR Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 01/10/2019 21:08:00) , Xose Lois García Carballido (FECHA: 01/10/2019 22:04:00)
Versión imprimible
CVD: 4xYpnhPqLVyWr45V+5Ry
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

concello@ponteceso.n

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

**7º.- PROPUESTA DE RATIFICACIÓN DE LA RESOLUCIÓN NÚM. 325/2019 DE 10-06-2019, DE SOLICITUD DE PARTICIPACIÓN EN LA LÍNEA DE SUBVENCIÓN AL IDAE Y APROBACIÓN DE LA MEMORIA DESCRIPTIVA DE LAS ACTUACIÓNES Y COMPROMISO DE DOTACIÓN DEL CRÉDITO NECESARIO.**

Se da cuenta de la Resolución de la Alcaldía núm. 325/2019:

"ASUNTO: RESOLUCIÓN DE LA ALCALDÍA PARA SOLICITAR UNA SUBVENCIÓN DENTRO DEL PROGRAMA PARA PROYECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCALES QUE FAVOREZCAN EL PASO A UNA ECONOMÍA BAJA EN CARBONO, EN EL MARCO DEL PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMIENTO SOSTENIBLE 2014 – 2020 PARA RENOVAR LAS INSTALACIONES DE ALUMBRADO, ILUMINACIÓN Y SEÑALIZACIÓN EXTERIOR (RENOVACIÓN TOTAL DE LAS INSTALACIONES DE ALUMBRADO EXTERIOR MUNICIPAL (BOE 144/2017- 17/06/2017 Y BOE 103/2019 -30/04/2019)

ANTECEDENTES:

Visto el expediente de solicitud de subvención al amparo del real decreto 616/2017 de 16 de junio, corregido por el real decreto 316/2019 de 26 de abril, por los que se regula la concesión directa proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014 – 2020 (BOE 144/2017- 17/06/2017 Y BOE 103/2019 -30/04/2019).

Considerando las necesidades existentes en las instalaciones del alumbrado público municipal y la conveniencia de la adaptación de las mismas para reducción de emisiones, consumos energéticos y eficiencia.

En el uso de las atribuciones que me otorga la legislación vigente en materia de régimen local,

RESUELVO:

Primero.- Solicitar la participación en la línea de subvención al amparo de las bases reguladoras contempladas en l real decreto 616/2017 de 16 de junio, corregido por el real decreto 316/2019 de 26 de abril, por los que se regula la concesión directa proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014 – 2020 (BOE 144/2017- 17/06/2017 Y BOE 103/2019 -30/04/2019), para la renovación total de las instalaciones de alumbrado exterior municipal.

Segundo.- Aceptar de forma expresa los procedimientos regulados en los reales decretos 616/2017 y 316/2019 por los que se regula la concesión directa proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014 – 2020 (BOE 144/2017- 17/06/2017 Y BOE 103/2019 -30/04/2019), para la renovación total de las instalaciones de alumbrado exterior municipal.

Tercero.- Aprobar la memoria descriptiva de las actuaciones que se pretenden llevar a cabo por el ayuntamiento en la línea de subvención, para las que existe el informe de intervención del 06/06/2019 sobre el compromiso de crédito.

Cuarto.- Aprobar la memoria descriptiva de las actuaciones a acometer, que figura en el expediente con referencia 406_5. Las actuaciones que recoge la memoria aprobada se centran en la substitución de los actuales equipos de iluminación exterior, basados en tecnologías de descarga de gases a tecnología LED. Asimismo también pretende la mejora en las condiciones de seguridad eléctrica, y la redición de la contaminación lumínica. Presupuesto total de la actuación (sin IVA): 2.073.941,11 €

Subvención solicitada: 1.659.157,69 €

Quinto.- Dar cuenta de la presente resolución al pleno de la corporación municipal en la primera sesión ordinaria de se celebre. En Ponteceso, 6 de junio de 2019."



FIRMADO POR Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 01/10/2019 21:08:00) , Xose Lois García Carballido (FECHA: 01/10/2019 22:04:00)
Versión imprimible
CVD: 4xYpnhPqLVyWr45V+5Ry
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

concello@ponteceso.n

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

En fecha 11-09-2019 el IDAE formula requirimiento de subsanación de documentación relativa á memoria descriptiva presentada, por lo que por el técnico da Fundación Enerxética Provincial de A Coruña se emite la misma, y se presenta en fecha de 16-09-2019, debiendo ser aprobada, en su caso, y se deberá asumir por el Pleno el compromiso de dotar del crédito necesario para su ejecución en el Presupuesto Municipal.

Cumplimentado el requerimiento de fecha 11-09-2019, con las modificaciones oportunas, la Comisión Informativa de Asuntos Generales celebrada el día 25-09-2019 dictaminó favorablemente la propuesta y se eleva al Pleno la siguiente

**PROPUESTA DE ACUERDO**

**Primero.-** Ratificar la resolución núm. 325/2019, de fecha 10-06-2019, y solicitar la participación en la línea de subvención al amparo de las bases reguladoras contempladas en el Real Decreto 616/2017 de 16 de junio, corregido por el real decreto 316/2019 de 26 de abril, por los que se regula la concesión directa proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014 – 2020 (BOE 144/2017- 17/06/2017 Y BOE 103/2019 -30/04/2019), para la renovación total de las instalaciones de alumbrado exterior municipal.

**Segundo.-** Aceptar de forma expresa los procedimientos regulados en los reales decretos 616/2017 y 316/2019 por los que se regula la concesión directa proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014 – 2020 (BOE 144/2017- 17/06/2017 Y BOE 103/2019 -30/04/2019), para la renovación total de las instalaciones de alumbrado exterior municipal.

**Tercero.-** Aprobar la memoria descriptiva de las actuaciones que se pretenden llevar a cabo por el ayuntamiento en la línea de subvención, para las que existe el informe certificado de intervención sobre el compromiso de crédito.

**Cuarto.-** Aprobar la enmienda de la memoria descriptiva de las actuaciones a acometer de fecha 16-09-2019, que sustitiuye a la contemplada en el punto cuarto de la resolución de fecha 10-06-2019, que figura en el expediente con referencia 406_5. Las actuaciones que recoge la memoria aprobada se centran en la substitución de los actuales equipos de iluminación exterior, basados en tecnologías de descarga de gases a tecnología LED. Asimismo también pretende la mejora en las condiciones de seguridad eléctrica, y la reducción de la contaminación lumínica.

<u>Presupuesto total de la actuación</u>: (sin IVA): 2.073.941,11 €, (Con IVA): 2.509.476,01 €.

<u>Subvención solicitada: 2.007.580,01 €</u>

**Quinto.-** Asumir el compromiso de dotar el crédito necesario en el Presupuesto Municipal para ejecutar las actuaciones contempladas en la memoria descriptiva de fecha 16-09-2019, redactada por el técnico de la Fundación Enerxética Provincial de A Coruña D. José Manuel Golpe Acuña, hasta el importe máximo de 2.509.476,91 euros, según el informe de intervención, para lo cual con carácter previo se redactará el proyecto de obra que contemple las mismas y se establecerá en el mismo el plazo de ejecución de las inversiones contempladas.

El Sr. Alcalde pregunta si algún portavoz quiere intervenir y pide la palabra el Sr. Pose del G.M. de APIN que formula la pregunta: ¿Quién fue el autor de los informes de sostenibilidad, técnico y económico?

El Sr. Alcalde le da la palabra al secretario, y éste responde que el autor es D. José Manuel Golpe Acuña, técnico de la Fundación Energética Provincial de A Coruña.

El Sr. Pose dice que su grupo no va a hablar con la prensa de asuntos que se someten al Pleno antes de su celebración, que el Sr. Alcalde les pidió a los concejales mesura en este tema y hoy se sorprende que la prensa ya anticipe este asunto que se está tratando antes de su celebración, que el Sr. Alcalde pide una cosa y hace lo contrario. Que está de acuerdo en pedir la subvención al IDAE pero se debe conocer la historia para que no pase como con el agua de Corme, llevamos cuatro años pidiendo sacar a licitación el alumbrado



FIRMADO POR Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 01/10/2019 21:08:00) , Xose Lois García Carballido (FECHA: 01/10/2019 22:04:00)
Versión imprimible
CVD: 4xYpnhPqLVyWr45V+5Ry
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

público, y el mismo fue objeto de recursos y se tuvo que anular el procedimiento y tengo que decir que no tuvimos los suficientes apoyos para sacarlo adelante, todo esto que hoy se trae ya estaba contemplado en el expediente de contratación, y repito si no salió bien fue porque no tuvimos el apoyo necesario, lo mismo que con la licitación del agua, se fue estancando hasta que se terminó la legislatura. Nuestro grupo votará a favor de la propuesta, pero repito que esta inversión ya estaba contemplada en el proyecto y tenía cabida en el mismo la solicitud de subvención. Sólo me queda decir que se preparen los señores concejales de gobierno para lo que les queda por delante.

O Sr. Alcalde responde que este gobierno no va a hacer lo mismo que se hizo en la legislatura anterior, para eso ya se manifestaron los vecinos y los resultados son los que son. Este proyecto es complicado y la inversión es necesaria, tampoco es fácil conseguir la subvención. Si se llega a conceder, el Ayuntamiento aportará 500.000 euros para una inversión total de 2.509.476,01 euros, y vamos a trabajar para intentar su consecución. El Sr. Alcalde da por finalizado el debate.

Se somete a votación la propuesta, con el seguinte resultado:
Votos a favor: Diez (10), los/as concejales/as de los G.M. de PSdeG-PSOE y APIN.
Votos en contra: -
Abstenciones: Dos (2), los/as concejales/as del G.M. de PP.

Por lo que el Pleno, por mayoría absoluta, **ACUERDA:**

**Primero.-** Ratificar la resolución núm. 325/2019, de fecha 10-06-2019, y solicitar la participación en la línea de subvención al amparo de las bases reguladoras contempladas en el Real Decreto 616/2017 de 16 de junio, corregido por el real decreto 316/2019 de 26 de abril, por los que se regula la concesión directa proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014 – 2020 (BOE 144/2017- 17/06/2017 Y BOE 103/2019 -30/04/2019), para la renovación total de las instalaciones de alumbrado exterior municipal.

**Segundo.-** Aceptar de forma expresa los procedimientos regulados en los reales decretos 616/2017 y 316/2019 por los que se regula la concesión directa proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014 – 2020 (BOE 144/2017- 17/06/2017 Y BOE 103/2019 -30/04/2019), para la renovación total de las instalaciones de alumbrado exterior municipal.

**Tercero.-** Aprobar la memoria descriptiva de las actuaciones que se pretenden llevar a cabo por el ayuntamiento en la línea de subvención, para las que existe el informe certificado de intervención sobre el compromiso de crédito.

**Cuarto.-** Aprobar la enmienda de la memoria descriptiva de las actuaciones a acometer de fecha 16-09-2019, que sustitiuye a la contemplada en el punto cuarto de la resolución de fecha 10-06-2019, que figura en el expediente con referencia 406_5. Las actuaciones que recoge la memoria aprobada se centran en la substitución de los actuales equipos de iluminación exterior, basados en tecnologías de descarga de gases a tecnología LED. Asimismo también pretende la mejora en las condiciones de seguridad eléctrica, y la reducción de la contaminación lumínica.

Presupuesto total de la actuación: (sin IVA): 2.073.941,11 €, (Con IVA): 2.509.476,01 €.

Subvención solicitada: 2.007.580,01 €

**Quinto.-** Asumir el compromiso de dotar el crédito necesario en el Presupuesto Municipal para ejecutar las actuaciones contempladas en la memoria descriptiva de fecha 16-09-2019, redactada por el técnico de la Fundación Enerxética Provincial de A Coruña D. José Manuel Golpe Acuña, hasta el importe máximo de 2.509.476,91 euros, según el informe de intervención, para lo cual con carácter previo se redactará el proyecto de obra que contemple las mismas y se establecerá en el mismo el plazo de ejecución de las inversiones contempladas.



FIRMADO POR Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 01/10/2019 21:08:00) , Xose Lois García Carballido (FECHA: 01/10/2019 22:04:00)
Versión imprimible
CVD: 4xYpnhPqLVyWr45V+5Ry
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

concello@ponteceso.n

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

**8º.- MOCIÓNS**
O Sr. Alcalde, antes de pasar ao seguinte punto incluído na orde do día, pregunta se algun grupo desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non incluído na orde do día e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Non se presenta ningunha e pásase ao seguinte punto.

**9º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

O Sr. Alcalde dalle a palabra ao secretario para que dé lectura ao disposto sobre Rogos e Preguntas no vixente Regulamento Orgánico.
O Secretario da lectura ao Regulamento Orgánico, aprobado polo Pleno na sesión do 12-12-2008, publicado no BOP núm. 96, do 20-04-2009, o cal dispón no seu artigo 54, o seguinte:
"1. O rogo é a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algún dos órganos de goberno municipal.
Os rogos poderán ser efectuados oralmente ou por escrito e serán debatidos, xeralmente, na sesión seguinte, sen prexuízo de que o poidan ser na mesma sesión se o presidente o estima conveniente e previa a conformidade de quen teña que contestalos. Nese caso, os rogos poderán dar lugar a unha intervención do concelleiro que os formula e outra intervención para respostar. A continuación, o concelleiro que propón poderá facer novamente uso da palabra, e, logo doutra intervención para responder, o debate rematará. Ningunha das intervencións poderá exceder de dous minutos.
2. A pregunta é calquera cuestión formulada aos órganos de goberno na sesión plenaria.
As preguntas formuladas por escrito ou oralmente no transcurso dunha sesión contestaranse ao seu destinatario, xeralmente, na sesión seguinte, agás as formuladas por escrito con vinte e catro horas de antelación que serán contestadas na sesión ou, por causas debidamente motivadas, na seguinte. Se a persoa á que se lle pregunta respostase á pregunta na mesma sesión, a súa intervención non poderá durar máis de dous minutos.
3. Os rogos e as preguntas non poderán ser sometidos a votación.
4. Os grupos municipais poderán formular cada un, como máximo, tres mocións, tres rogos e tres preguntas."

O Sr. Alcalde dí que logo de ver o disposto no Regulamento Orgánico vixente a presidencia vai ser escrupulosa no seu cumprimento. Os señores concelleiros e concelleiras deberán aterse ao disposto e non confundir os rogos coas preguntas, os rogos que non conteñan proposta de actuación e presenten algunha pregunta velada non serán tidos en conta, sempre e cando xunto coas preguntas presentadas excedan o número de tres en cada sesión.

**9.1. ROGOS:**
De seguido dáse conta dos rogos presentados polo concelleiro, voceiro do G.M. APIN, Sr. Pose Verdes:
**Rexistro de entrada 2937, do 27-09-2019:** Rogo ao Sr. Alcalde que señalice tanto vertical como horizontalmente a rúa da Zona Escolar D.
**Rexistro de entrada 2938, do 27-09-2019:** Rogo ao Sr. Alcalde que informe por qué nas resolucións da alcaldía non hai ningunha autorización para as festas de A Barquiña.
**Rexistro de entrada 2939, do 27-09-2019:** Rogo ao Sr. Alcalde que informe ao Pleno si se van a executar as obras aprobadas nos orzamentos de 2019.

O Sr. Alcalde intervén manifestando que con respecto a primeiro rogo toma boa nota, e despois dos informes técnicos e da policía local procederase á tramitación do correspondente expediente para executar a sinalización vertical e horizontal que proceda na rúa Zona Escolar.
En canto aos dos rogos seguintes manifesta que o Regulamento Orgánico está para cumprirse por todos os concelleiros/as, e polo tanto, tamén polo Sr. Pose Verdes, tanto o segundo como o terceiro son duas preguntas, non dous rogos, en ningún se propón unha actuación concreta do goberno municipal, senón duas preguntas no turno de rogos, e ao considerar que presenta outras tres preguntas, das que de seguido se dará conta, non procede a súa resposta.



FIRMADO POR Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 01/10/2019 21:08:00) , Xose Lois García Carballido (FECHA: 01/10/2019 22:04:00)
Versión imprimible
CVD: 4xYpnhPqLVyWr45V+5Ry
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O Sr. Pose pide a palabra e dílle ao Sr. Alcalde se non vai tratar estos dous rogos.
O Sr. Alcalde dílle que non, consonte ao Regulamento Orgánico, vostede presenta outras tres preguntas, e polo tanto sobrepasa o número máximo de tres, o rogo é unha proposta de actuación e istas son duas preguntas sen máis.

O Sr. Alcalde pregunta se algún outro grupo quere presentar algún outro rogo oralmente, e ao non presentarse máis pasa ás preguntas.

**9.2. PREGUNTAS**

**RESPOSTA ÁS PREGUNTAS PRESENTADAS NA SESIÓN DO 29-07-2019:**

**<u>Polo Sr. Pose Verdes</u> do G.M. de APIN:**
**Rexistro de entrada 2448, do 29-07-2019:** ¿Por qué este ano non se celebrou a segunda edición dos Recoñecementos Deportivos?, rexistro de entrada núm. 2448, do 29-07-2019.
Polo Alcalde dáse resposta á pregunta, manifestando o seguinte: Chámanos a atención que o 29 de xullo pregunten polos recoñecementos deportivos e logo cando se celebran non acudan apoiar os e as deportistas no evento, voulle dar a palabra ao Secretario para que proceda á lectura do informe da Técnica de deportes.
Polo secretario dáse lectura ao informe da técnica de deportes que é do seguinte teor:
*"Mª Remedios Varela Castro, técnica de deportes do Concello de Ponteceso*
*FEITOS*
*A concelleira de deportes, solicitoume un informe, para responder a unha pregunta feita en pleno relacionada coa "2ª Edición dos Recoñecemento Deportivos"*
*NFORMO*
*Que a 2ª Edición dos Recoñecementos Deportivos foi o 9 de agosto, un pouco máis tarde ca 1ª edición, debido fundamentalmente o cambio político, xa que se necesitaba intercambiar ideas e opinións entre a parte técnica e política. Unha vez que todo estaba establecido, estabamos en plena execución da programación deportiva de verán, sendo esta a razón pola que se retrasou a 2ª Edición de Recoñecemento Deportivos. Ponteceso, 30 de setembro de 2019"*

**Rexistro de entrada 2449, do 29-07-2019**: Na obra da estrada que vai ao Couto desde o Cuartel da Garda Civil que se asfaltou recentemente, non se executaron as conexións á rede de saneamento das casas ¿Por qué?. Polo Alcalde dáse a palabra ao secretario para que proceda a dar lectura ao seguinte informe técnico, do redactor do proxecto e director da obra, e dílle ao Sr. Pose que foi elexido precisamente por vostede, tanto para a redacción como para a dirección da obra cando tiña a súa competencia en obras:

*"INFORME TÉCNICO OBJETO: RED DE SANEAMIENTO EJECUTADA EN COSPINDO*

*D. Martín Lema Pose, Ingeniero Técnico Industrial, colegiado número 2.343 del Colegio Oficial de Ingenieros Técnicos Industriales de A Coruña, actuado en calidad de proyectista y director de obra de "PROYECTO TÉCNICO PARA ACONDICIONAMIENTO DE VIALES MUNICIPALES DEL AYUNTAMIENTO DE PONTECESO (Brantuas de Arriba, Cospindo, Nemeño, Niñóns, Tallo, Tella y Xornes)" y a petición del Excmo. Ayuntamiento de Ponteceso se redacta el presente informe relativo a la red de saneamiento proyectada y ejecutada en Cospindo*

*ANTECEDENTES*
*El objeto general del proyecto, es el aglomerado de varias vías dentro del Concello, no se trata de un proyecto de saneamiento. Resulta que con el ánimo de evitar nuevas aperturas de zanjas y roturas de pavimentos, se incluyó la instalación de una red troncal de saneamiento en Cospindo. En ningún caso se proyectó la conexión de esta red a las viviendas. Se pretendía, que una vez obtenidas las pertinentes autorizaciones de vertido de las edificaciones situadas en las inmediaciones de la vía, se realizaran las acometidas (previa acuerdo con los propietarios) y se condujera la red de saneamiento, por gravedad, hacia*



FIRMADO POR Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 01/10/2019 21:08:00) , Xose Lois García Carballido (FECHA: 01/10/2019 22:04:00)
Versión imprimible
CVD: 4xYpnhPqLVyWr45V+5Ry
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*la red existente situada en la misma vía. Se recoge en documento memoria proyecto: (…)Será necesario disponer de una red de saneamiento de 160 m de longitud para conectar con red existente. Se empleará tubería de Polietileno SN-8 corrugada de doble pared de saneamiento para aguas residuales, de diámetro exterior 250 mm y pozos de registro (…).*
*Se recoge en documento presupuesto del proyecto:*

*Excavación mecánica de zanjas de saneamiento, en terreno de consistencia dura, i/posterior relleno y apisonado de tierra procedente de la excavación y p.p. de costes indirectos.*
*Total m ......: 160,000 21,13€ 3.380,80€ m.*

*Canalización de saneamiento con tubería de Polietileno SN-8 corrugada de doble pared de saneamiento para aguas residuales, de diámetro exterior 250 mm, unión por junta elástica, segundo UNE-EN 13476, capaz de resistir descargas intermitentes de auga a 95º C, certificado AENOR; instalación para enterrar en zanja según NTE/ISA-9, PG-3 e PTSP, i/solera de material granular, juntas de conexión de tubería, colocación y prueba.*
*Total m ......: 25,000 26,44€ 661,00€*

*Se aclaró en fase de ejecución obra que la partida contemplaba 25 uds de barras de 6,00 m (150 m de canalización) Ud. Pozo de registro con anillos prefabricados de hormigón en masa con un diámetro interior de 100 cm. y una altura total de pozo de 2,1 m., formado por cubeta base de pozo de 1,15 m. de altura sobre solera de hormigón HNE-20 N/mm2 ligeramente armada, anillos de 1 metro de altura, y cono asimétrico de remate final de 60 cm. de altura, incluso sellado del encaje de las piezas machiembradas, recibido de pates y tapa de hormigón de 60 cm.*
*Total Ud ......: 5,000 288,43€ 1.442,15€*

*Se recoge en documento planos del proyecto: Existe errata en la representación gráfica de la canalización, se representan 25 m frente los 150 m a ejecutar.*

*EJECUCIÓN En fase de ejecución de obra, se comprobó la imposibilidad de poder conducir, de forma razonable y por gravedad, la red troncal proyectada hacia el punto de entronque con la red existente. Se muestra a continuación perfil del terreno: Informe Técnico Red Saneamiento Cospindo Página 3 Vista la dificultad técnica y económica de poder ejecutar la red de saneamiento proyectada, debido al gran desnivel, se convocó en obra a representantes del Concello y de la contrata adjudicataria, optando por variar la solución técnica constructiva. La solución finalmente ejecutada, consiste en ejecutar igualmente la red troncal de saneamiento abriéndose dos posibilidades de solución en el futuro para el saneamiento de las edificaciones adyacentes: - Realizar un bombeo hacia la red existente; Previendo la posibilidad de ejecutar esta solución se optó por situar la red en las inmediaciones de apoyo de CIA suministradora (para tomar suministro eléctrico) y se dejó canalización de retorno hacia red existente. - Instalar fosa séptica en nueva ubicación. Para ejecutar esta solución, se debería llegar a acuerdo con propietarios para la instalación de la fosa, no obstante se dejó canalización prevista para no tener que proceder a rotura del firme.*

*CONCLUSIONES Se concluye por tanto:*
* *A la vista del proyecto, el objeto principal de la actuación era la pavimentación de vías, no se trataba de un proyecto de saneamiento, incluyéndose la red troncal de saneamiento en Cospindo con el ánimo de evitar futuras roturas del firme recientemente repuesto.*
* *No se presupuestaron las partidas de acometidas a viviendas.*
* *Se comprobó in situ, la imposibilidad de conectar con la red existente por gravedad. El gran desnivel, no hizo viable, ni desde el punto de vista técnico ni económico, el ejecutar la solución proyectada originalmente.*
* *Ante esta circunstancia, se ejecutó igualmente la canalización, pero con la diferencia de que la solución de saneamiento de las viviendas pasa por completar la actuación, bien con la instalación de un bombeo, bien con la instalación de una fosa séptica.*

*Y así se hace constar en Ponteceso 27 de Septiembre del 2.019. Firma electrónica: Martín Lema Pose"*

Dáse por constestada a súa pregunta, xa ve foi unha obra xestionada por vostede, encargado o proxecto ao igual que a dirección da obra, repito, por vostede.



FIRMADO POR Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 01/10/2019 21:08:00) , Xose Lois García Carballido (FECHA: 01/10/2019 22:04:00)
Versión imprimible
CVD: 4xYpnhPqLVyWr45V+5Ry
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

concello@ponteceso.n

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

**Rexistro de entrada 2450, do 29-07-2019:** ¿Cando se vai licitar o ximnasio?
Polo alcalde dáse a seguinte resposta: Quen dirixe o goberno municipal é o Alcalde e a él corresponde decidir a xestión orzamentaria, a licitación das obras que por razón da súa contía sexan competencia da alcaldía e lémbrolle que vostede está na oposición porque así o quixeron os veciños, pero para a súa tranquilade direille que é unha obra e subministro de alomenos 150.000 euros, pensamos que é necesaria pero xa veremos como e cando se licita e executa.

**Polo Sr. García Cotelo do G.M. do PP, formularonse as seguintes verbais no último Pleno ordinario**:

¿Temos nomeado persoal de confianza neste concello? Posto que é público e notorio que hai xente que anda dando ordes e facendo xestións e nós non temos coñecemento.

O Sr. Alcalde dí que a pregunta non é específica, non sei exactamente de qué persoa, día e hora e lugar está falando, polo que lle prego que a reformule e sexa máis específico. Contestaráselle puntualmente, se así o fai, no vindeiro Pleno.

O Sr. García Cotelo dílle ao Sr.Alcalde que reformula a pregunta ¿Ten o Sr. Alcalde nomeado a persoal de confianza? Repito que é notorio que anda en vehículos municipais e debe dicilo.

O Sr. Alcalde dílle que contestará a súa pregunta no vindeiro Pleno, e o Sr. García Cotelo mostra o seu desacordo, e repite que debe contestarlle xa que é evidente que hai persoas que andan en vehículos municipais.

¿Cómo o señor alcalde outorgou a licenza de obra polo desmantelamento do Parque Eólico de Corme, Expediente 2019/UO23/000001, de 08-02-2019, sen ter o informe sectorial da Consellería de Industria?

O señor Alcalde dálle a palabra ao sr Secretario para que lea o informe técnico:
*"O proxecto redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Enrique Fernández Olea, colexiado nº 574 do ICOIIG ( Ilustre Colegio Oficial de Ingenieros Industriales de Galicia ) contén toda a documentación requirida a presentar ca solicitude da licenza ordinaria, segundo ó establece a Ordenanza Municipal, ademais cumpre con todos os parámetros establecidos pola normativa de aplicación, polo que compre dicir que a actuación de desmantelamento dos "61 aeroxeneradores, os seos compoñentes, as cimentacións dos mesmos, o desmantelamento das 5 torres meteorolóxicas, o desmantelamento dos 20 centros de transformación, das súas correspondentes plataformas de montaxe e dos camiños de acceso entre os "aeroxeneradores, torres meteoroloxicas e centros de transformación", excepto aqueles casos nos que está prevista a súa reutilización no futuro Parque Eólico a repotenciar" é compatible ca normativa urbanística de aplicación, e polo tanto* ***infórmouse favorablemente****.*

*O acto de desmantelamento para o que se solicita licenza cumpre cos parámetros sinalados na normativa a aplicar, xa que se eliminan cada un dos elementos anteriormente autorizados "61 aeroxeneradores, 5 torres meteorolóxicas, 20 centros de transformación e as súas correspondentes plataformas de montaxe", desaparecendo consecuentemente todos os volumes e a ocupación sobre as parcelas ata agora permitidas na área de Desenvolvemento Eólico denominada "ADE Corme G3/ G16", recollida na modificación do Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal Plan Eólico de Galicia aprobado en Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 5 de decembro de 2002.*

*A licenza otorgada indica que se deberán cumprir con todas as condicións "Xerais e Particulares" indicadas nos informes sectoriais que de algunha maneira poidan afectar ao desmantelamento, é en todo caso será necesario obter a autorización o informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente con carácter previo a ser executadas.*
*Segundo o artigo 53 da Lei 24/2013 do Sector eléctrico e o artigo 144 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a autorización da Consellería de Economía, Emprego e Industria non ten porque ser prevalente para o acto de desmantelamento, xa que a obra en cuestión non ten por obxeto a repotenciación*



FIRMADO POR Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 01/10/2019 21:08:00) , Xose Lois García Carballido (FECHA: 01/10/2019 22:04:00)
Versión imprimible
CVD: 4xYpnhPqLVyWr45V+5Ry
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

concello@ponteceso.n

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

*do parque eólico ou o desenvolvemento dunha ampliación da súa actividade; para o cal, neste último paso si se esixiría a autorización sectorial previa de dita administración pública.*

*Por outra banda, este servizo de Urbanismo ten coñecemento dunha Resolución do pasado 16 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se uotorgan as autorizacións administrativas de construción do parque eólico Corme modificación substancial (repotenciación do parque eólico Corme G-3 para unha potencia total de 18,30 MW), sito no Concello de Ponteceso (A Coruña) e promovido por EDP Renovables España, S.L.U., e no cal se describen todalas obras autorizadas ata a instalación definitiva e posta en marcha dos novos aeroxeneradores. Ponteceso, 27 de setembro de 2019. O arquitecto técnico. Asdo.: Ernesto Fernando Calvo Pérez."*

O Sr. Alcalde da por contestada a pregunta.

**PREGUNTAS FORMULADAS PARA O PRESENTE PLENO:**
O voceiro de APIN, Sr. Pose Verdes, presentou as seguintes preguntas no Rexistro Municipal:
**Rexistro de entrada núm. 2934 do 27-09-2019:** Pregunta ao Sr. Alcalde que explique en que informes se baseou para que o grupo do PSOE rexeitase os puntos da orde do día do pleno extraordinario pedido pola oposición.
**Rexistro de entrada núm. 2935 do 27-09-2019:** Pregunta ao Sr. Alcalde por qué non se licitou a obra da estrada desde Lestimoño a Cerezo.
**Rexistro de entrada núm. 2936 do 27-09-2019:** Pregunta ao Sr. Alcalde sobre a subvención do Fondo de Compensación Ambiental 2019, situación na que se atopa neste momento.

O Sr. Pose pide a palabra e dí que dada a actitude do Alcalde retira as preguntas presentadas.

O Sr. Alcalde pregunta se o Grupo do Partido Popular quere formular algunha pregunta, e o voceiro Sr. García Cotelo formula as seguintes:

¿Nos últimos dous anos as redes de auga e tamén a de seneamento tiveron problemas en Corme? ¿Foi vostede informado?
¿Cando vai o Sr. Alcalde a comparecer para dar explicacións sobre o problema e a emerxencia sanitaria de Corme?
¿Como puido sacar as conclusións e dicir o que dixo cando as analíticas e informes eran tan claros?

O Sr. Alcalde dílle que terá resposta no seguinte Pleno e o Sr. García Cotelo dílle que ten outras trinta preguntas dos veciños de Corme sobre o problema da auga e quere saber cando se vai tratar o problema, e o Sr. Alcalde dílle que non ten a palabra, que ven a falar cando quere sen respectar o seu turno e advírtelle que o chama ao orde, primeiro aviso, e ao terceiro terá que abandonar a sesión. O actual e vixente Regulamento foi aprobado polo goberno do PP do Sr. Fondo, se non lles gosta presenten propostas para modificalo, pero vexo que vostede é novo na política, lea e infórmese, os Plenos co Sr. Fondo eran ás nove da mañá, os nosos son ás oito da tarde para facilitar a asistencia. Se o PP aprobou o Regulamento Orgánico pídolle que o respecte. O Sr. García Cotelo manifesta o seu desacordo e o Alcalde volve a dicirlle que non ten a palabra, e que é o segundo aviso. Prosigue o Sr. Alcalde e pide a colaboración de toda a Corporación Municipal para o normal desenvolvemento das sesións do Pleno. As preguntas presentadas terán resposta no vindeiro Pleno.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás vinte horas e cincoenta e cinco minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, de todo o que dou fe, como secretario accidental, asinandoa xunto co Sr. Alcalde.

O alcalde-presidente O secretario accidental



FIRMADO POR Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 01/10/2019 21:08:00) , Xose Lois García Carballido (FECHA: 01/10/2019 22:04:00)
Versión imprimible
CVD: 4xYpnhPqLVyWr45V+5Ry
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

concello@ponteceso.n

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Asdo.: Xosé Lois García Carballido.

Asdo.: Emilio Caínzos Quintás

FIRMADO POR Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 01/10/2019 21:08:00) , Xose Lois García Carballido (FECHA: 01/10/2019 22:04:00)
Versión imprimible
CVD: 4xYpnhPqLVyWr45V+5Ry
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.